



DECLARACIÓN RESPONSABLE DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS NON PERMANENTES

Descrición

De conformidade co establecido no artigo 40.2.c da lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, están suxeitos ao trámite de declaración responsable a celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas que requiran a montaxe de estruturas non permanentes desmontables; agás aquelas sometidas a licenza que se atopen nalgún dos supostos do artigo 41 da referida lei.

Requisitos de iniciación

Con carácter previo á organización do espectáculo público ou ao inicio da actividade recreativa, as persoas interesadas deberán presentar unha declaración responsable dirixida ao concello respectivo, coa cal poñerán en coñecemento da Administración competente os datos esixidos pola lexislación vixente.

Documentación Obrigatoria

- Proxecto e a documentación técnica que resulte exixible segundo a natureza da actividade. Para estes efectos, enténdese por proxecto o conxunto de documentos que definen as actuacións que se van desenvolver, co contido e detalle que lle permita á Administración coñecer o seu obxecto e determinar o seu axuste á normativa urbanística e sectorial aplicable. O proxecto e a documentación técnica serán redactados e asinados por persoa técnica competente.
- Póliza de seguro de responsabilidade civil obrigatoria, previsto na normativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia. Consonte a D.T.3ª da lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, mentres non se produza o desenvolvemento regulamentario previsto no artigo 8, os capitais mínimos que deberán cubrir, no seu conxunto, as pólizas de seguro nel exixidas terán as seguintes contías, atendendo a capacidade: Ata 100 persoas: 300.000 €; ata 150 persoas: 400.000 €; ata 300 persoas: 600.000 €; ata 500 persoas: 750.000 €; ata 1.000 persoas: 900.000€; ata 1.500 persoas: 1.200.000€; ata 2.500 persoas: 1.600.000 €; ata 5.000 persoas: 2.000.000€. Cando a capacidade sexa superior, incrementarase en 60.000€ por cada 1.000 persoas ou fracción de capacidade superior a 5.000 persoas, ata chegar a 6.000.000 €.
- Recibo de pagamento das primas correspondentes ao período do seguro en curso ou a copia destes
- Documento acreditativo da dispoñibilidade do establecemento ou espazo aberto ao público, en calidade de propietarios/as ou arrendatarios/as ou en virtude de calquera outro título xurídico.
- Designación do/a responsable técnico/a da montaxe ou execución do proxecto: Documento acreditativo asinado polo/a interesado/a da designación da persoa física ou xurídica que debe asumir a responsabilidade técnica da execución do proxecto e que debe expedir a certificación que acredite a adecuación do espectáculo público ou da actividade recreativa aos requisitos exixibles.
- Marcación CE, declaración CE de conformidade e boletín eléctrico: Marcación CE e declaración CE de conformidade das instalacións que correspondan segundo as súas características e o certificado da instalación de baixa tensión de conexión coa rede.

Documentación segundo o caso

- Acreditación da representación: Quen compareza ou asine en representación doutra, acompañará ademais un documento que acredite debidamente a devandita representación



FOLLA INFORMATIVA DE TRAMITACIÓN URBANÍSTICA

(autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable). Nos casos de persoas xurídicas, documentación acreditativa da representación e escritura ou documento de constitución e/ou estatutos ou a acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, se é o caso, no rexistro público que corresponda segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

- Calquera outra documentación que veña exixida pola normativa aplicable